

Magnolio

ROSAS E LILAS

Abro a porta, deixo o abrigo e coma sempre poño as chaves na bandexa do moble da entrada. Preparo a cea e sento no sofá do salón. Collo o mando da tele e acéndoa. No espello o reflexo da foto dos meus pais éncheme de tristura. Quedo durmida. Espértame unha mensaxe do móbil. Introduzo o meu contrasinal. Na barra superior aparece unha notificación, mensaxe dun número descoñecido. Abro a imaxe. Un colgante prateado cunhas lilas gravadas aparece no centro da fotografía. As lembranzas comezan a brotar paralizándome. É ela. Ese colgante é igual que o meu. É ela. Chega outra mensaxe, unha localización, pero non é cerca, ven de Braga. Deixo o móbil na mesa. Pecho os ollos. Mil preguntas invaden a miña cabeza.

Intento durmir, pero é imposible. Leo e releo a mensaxe. Miro a fotografía dos meus pais e encólleseme a alma. Definitivamente era Diana. Na localización pon Rúa da Misericordia, Braga.

Levo quince anos sen vela, nunca volveu. Que quería agora? Durante varios días penso que facer. Finalmente decido ir a vela, quero saber que quere. Preparo a maleta e marchoo. Tardo dúas horas en ir de Santiago a Braga. Nunca estivera alí. Tomo un café antes de buscar a rúa. Non hai moita xente. Chámanme a atención os azulexos das casas, lavados por unha chuvía fina. Póñoome a buscar a rúa. Atraveso moitas outras deixando atrás cafeterías e hoteis. Vexo un xardín ateigado de flores. Flores de diferentes cores, rosas, lilas, margaridas... Somérxome nese mar de cores que arrecende a infancia. Busco o número 11. Diante de min teño unha porta verde. Dubido varias veces, non sei se entrar. Non hai ningunha fiestra aberta e as luces están apagadas. Timbro. A porta ábrese axiña. Entro no portal, espellos cobren as paredes. Subo as escaleiras nerviosa pero amodo. A porta do segundo piso agárdame aberta. Quedo paralizada, non quero entrar, pero unha voz di “Adiante”. Dou uns pasos. Non vexo a ninguén. Avanzo polo corredor e chego ao salón. Alí un balcón dá ao xardín. Observo a decoración da sala, hai algunhas fotos da miña irmá. Isto prodúceme unha fugaz sensación de tranquilidade que se esfuma cando oio un “clac”, a pechadura da porta. Volvo á entrada e xiro o mango inutilmente. Encerrada. Busco nos caixóns, nos andeis, nas chaquetas... Busco a chave por toda a casa. Intento abrir o balcón. Encerrada. Outra mensaxe. “*Cando atopas a carta, poderás saír*”. A que se refire? Non entendo nada. Quero saír de aquí. Desorganizo os papeis da mesa,

busco nas fotos. Nunha está comigo, diante hai unha caixa. Ábroa. Hai unha tea branca, destapo unha parte e vexo un sobre. Pon “Aloia”, o meu nome. Comezo a ler.

Aloia, non sei como falar contigo despois de tanto tempo. Escribo isto porque es ti a única persoa á que lle debo unha explicación. Nunca soubeches nada de min realmente. Marchei e non entendiches por que, ninguén che contou nada. Deixei-te soa con mamá hai quince anos, pero xamais me esquecín de ti. Teño fotos túas, estiven moi cerca sempre, pero ti non te deches conta. Eu tiña que escapar, fuxín porque non podía facer outra cousa. Agora que a nosa nai non está podes saber a razón. Ela meteu aquel monstro na casa. Para substituír a papá. Eu sabía que ía ser malo para todos. Estaba destruíndonos. Acabaría con ela. Así que o matei eu. Mamá sabíao. O mellor que podía facer era desaparecer, como agora, pero necesitaba que soubeses a verdade. Non aparecín nunca porque mamá me odiaba por iso. Agora quero que teñas a resposta ás túas preguntas. Non podo máis con este segredo.

Diana

Saco a tea branca da caixa, hai unha chave e varias fotos miñas, no parque, na praia... Gardo o sobre e as fotos. Probo a chave. Xiro o mango e un fio de luz atravesa o cuarto, está aberta. Baixo as escaleiras correndo. Teño o corazón xeado e emocionado. Aínda non asimilei a información. Coa cabeza chea de pensamentos decido volver a Santiago. Alí decidirei o que fago. Chego pola noite e intento durmir.

Esperto. Miro o móbil. Teño unha mensaxe. “O lugar onde me viches por última vez”. Non entendo a que se refire, penso durante un tempo, de súpeto miro para a fotografía da miña nai, sorrindo sentada na terraza da nosa casa. Cunha regadeira de cor violeta... A casa familiar. Alí foi a última vez que a vin antes de que marchara. Saio rapidamente nesa dirección. Chego á vella casa, alí viviamos todos. Quedou deshabitada cando a miña nai morreu. Subín as escaleiras de fóra e abrín a porta. Toquei a fría parede de pedra, cantos recordos. Fago memoria, onde foi a última vez que a vin? Xa sei, no noso dormitorio. Pola noite estaba con ela, cando espertei xa marchara. Observo as fotos enmarcadas, en ningunha está ela. Entro no cuarto. Sobre a cama hai un ramo de flores. Rosas e lilas... Pola miña cara esvaran bágoas. Collo o móbil e tecleo. “Non me abandones outra vez, agárdote”. Envíoa. Un “clin” soa no piso de arriba. Uns pasos fan ruxir a madeira das escaleiras...